

CONVOCATORIA PARA O ALUMNADO.

IES VAL DO TEA.

DÍA DE ROSALÍA 2020-21

Ola a [tod@s!](#)

Animádesvos a participar na celebración do Día de Rosalía?

Estas son algunhas das actividades que vos propoñemos:

1. **Crede un vídeo, de xeito individual ou co teu grupo habitual**, no que aparezades **recitando un poema** ou **cantando unha versión musicada** dun poema de Rosalía de Castro (hai moitas nas redes, elixide unha que vos guste), se é posible (e serao, pois estamos en terra de músicos!) con acompañamento musical.
- 2, **Tomade como base un poema da autora e realizade unha versión en rap** ou calquera outro estilo musical de actualidade que vos apeteza. Gravade un vídeo para deixar constancia da vosa arte.
3. **Copia un poema que che guste de Rosalía e acompañao dun debuxo que ilustre a temática do poema.**
4. **Actividade libre:** sempre que teña que ver coa autora e respectuosa coa intención de homenaxear esta poeta única e universal

Para inspirarvos: na sección da Biblioteca da Aula Virtual tedes unha selección de poemas e os enlaces ás súas versións musicadas.

Data límite de entrega: 19 de febreiro.

Lugar de entrega: **vídeos:** no seguinte enderezo: dores@edu.xun
debuxos: ao persoal da biblioteca durante os recreos.

MEDIDAS COVID: SE OPTADES POR REALIZAR A ACTIVIDADE EN GRUPO, DEBEREDS GARDAR A DISTANCIA DE SEGURIDADE PRECEPTIVA E RESPECTAR AS MEDIDAS DE HIXIENE E SEGURIDADE!!